



PODO AGUANTAR?



VS



O mundo actual, interconectado e fugaz, conta cuns discursos de odio que impregnan ás diferentes persoas dunha sociedade, incidindo nelas e cambiando a perspectiva que teñen da súa realidade próxima. Sen embargo, estes discursos do odio non inciden en todos da mesma forma, tendo múltiples efectos en función da persoa receptora e o tempo e espazo no que aconteza. Por iso, as seguintes aclaracións son acerca do meu propio mundo e en como incide nel este odio, a través das diferentes dimensións da integralidade humana. Sen embargo, aínda que sinale símbolos diferentes para cada dimensión, iso non o volve único dela, posto que as entendo interrelacionándose e influíndose unhas ás outras.

A dimensión mental está representada ca “X” na cabeza, simulando a imposibilidade de asimilar todos os discursos aos que estamos expostos continuamente, dentro dun corpo que conta cunha actitude de abandono, sen intención de loita, xa que está acostumado a vivir nunha realidade violenta e que, por tanto, promove a violencia. Tamén pode observarse un globo cun pensamento máis habitual do que me gustaría admitir, repetitivo ante a loita tan grande que teño por diante. Por outra banda, o compás crebado incide na complicada tarefa que supón manter os nosos ideais e conviccións dentro dun mar de odio que sempre tenta cambiar a dirección da nosa agulla interior.

A dimensión física represéntase cas cadeas que, a pesar de non estar emparelladas con outro obxecto, impídennos mover con total liberdade e ao ritmo que queiramos, chegando a influír incluso na nosa propia percepción de ata onde somos capaces de chegar.

A dimensión emocional abarca, como resulta obvio, o meu corazón. Sen embargo, é un corazón en forma de reloxo de area, cunha débeda afectiva moi grande que salda gota a gota e que consume pouco a pouco o seu interior.

A dimensión relacional sofre moito, porque os discursos de odio xeran confrontacións entre as persoas, cerrando vínculos pasados e impedindo que se formen novos. No meu caso, síntome só na loita que teño, só contra o meu mundo próximo e só contra o mundo global no que vivo. Iso provócame medo e angustia, por tratarse dalgo tan pequeno que tenta revolucionar algo moito máis grande.

Todo o anterior termina por dar lugar a sentimentos que crecen co paso do tempo, coma se dunha semente se tratase. Por esta razón o meu corpo apóiase nunha árbore en forma de esqueleto, representando a miña traxectoria vital nacida a partires dos discursos de odio, escoitados e asimilados dende que son pequeno. Sen embargo, aínda que sexa unha árbore necrófila, non todo o que nace dela é malo, senón que sucede unha dicotomía, con valores negativos e vermellos propios destes discursos de odio pero

tamén con valores positivos e verdes, que instan a seguir loitando e crecendo, desexando coller máis altura para poder ser libre pero sen esquecer a orixe que supoñen as raíces.